xornal.com
EL PRIMER DIARIO ELECTRÓNICO DE GALICIA

# Galicia lidera a investigación sobre a memoria histórica a nivel estatal

***O encontro Historia e memoria evidencia este liderazgo, segundo a conselleira de Cultura Ánxela Bugallo.***

*Lunes, 16 de julio de 2007*

**XORNAL** | Santiago.- A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, presentou en Compostela o Encontro de grupos de investigación `Historia e memoria' como "un recoñecemento" ao labor desenvolvido a prol da memoria en Galicia. Con esta iniciativa, Galicia lidera a investigación sobre a memoria histórica ao reunir por primeira vez a grupos de todo o Estado.

A titular do departamento inaugurou estas xornadas xunto ao investigador do proxecto `As vítimas, os nomes e as voces', Lourenzo Fernández Prieto, e o coordinador do encontro, Emilio Grandío Seoane. Durante a súa intervención, Ánxela Bugallo subliñou os avances que se produciron neste eido dende "o cambio político", cando a Consellería mostrou o seu compromiso a prol da recuperación da memoria como "un elemento de xustiza necesaria". Nese momento decidiron que "esta sería unhas das liñas centrais do seu traballo" coa que se pretendían "conseguir unha certa coordinación entre as institucións, os investigadores e as asociación da memoria".

A conselleira fixo balance do traballo realizado durante estes dous últimos anos cos que ademais de declarar o ano 2006 como o Ano da Memoria, promovéronse "grandes homenaxes institucionais", realizáronse "arredor de 200 actividades, colaborouse con outras 150 promovidas polas asociacións, publicáronse 50 libros e apoiáronse 20 producción audiovisuais". Este panorama serviu de berce para o proxecto `Os nomes, as voces e os lugares', no que participan as tres universidades galegas, que agora organizan este encontro en colaboración co departamento que dirixe Ánxela Bugallo. "Precisaranse anos ata que se compilen todos os datos e se remate este proxecto que nós seguiremos apoiando como o camiño imparable que ese cambio político marcou" afirmou.

- **Toma de contacto entre as universidades e os investigadores**

Pola súa parte, o investigador Fernández Prieto, cualificou este encontro como "un instrumento entre as universidades e os diferentes investigadores" para levar a cabo un "proxecto social" que devolva a memoria esquecida ao pobo. Con esta iniciativa, o catedrático considera que se cubre "a demanda social e histórica que existe no Estado español", e que se centrará nos aspectos "do coñecemento de novos datos, a articulación dos fondos documentais e a súa divulgación".

Así mesmo, o coordinador destas xornadas, Emilio Grandío Seoane, explicou o desenvolvemento do Encontro `Historia e memoria', que centrará as súas mesas de traballo no "concepto de memoria e vítimas, nas bases de datos sobre a represión, nos mapas das fosas, na divulgación dos datos e na elaboracións das fontes orais".

As xornadas dividiranse nunha serie de obradoiros para poñer en común os distintos proxectos de investigación do Estado e cuantificación das vítimas a nivel estatal, e abordaranse desde unha dobre perspectiva: tanto dende o recoñecemento e desenvolvemento da investigación, como de tentar solventar os seus problemas.

Entre os participantes, ademais das historiadoras Amaia Caunedo e Irene Díaz, representantes da Universidade de Oviedo, Ánxela Cenarro, da Universidade de Zaragoza, ou Conxita Mir, da Universidade de Lleida, estarán tamén presentes, entre outros, Santiago Macías, da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica; Queralt Solé e Genma Simón Muntané, da Dirección Xeral da Memoria Democrática da Generalitat; ou Dionisio Pereira, coordinador do Barco da Memoria, actividade iniciada por este departamento en 2006.

O evento forma parte do proxecto de investigación `As vítimas, os nomes e as voces', promovido pola Consellería de Cultura e Deporte, e que está a elaborar unha listaxe das vítimas da represión, que inclúe un fondo e entrevistas orais así como un mapa no que aparece recollida a distribución espacial da represión.